

8 DE MARZO

DIA INTERNACIONAL

DAS MULLERES

CEN ANOS LOITANDO, CEN ANOS CREANDO



Marcha Mundial das Mulleres

8 de marzo, Día Internacional das Mulleres

100 anos loitando, 100 anos creando

Hai xa cén anos que Clara Zetkin conseguiu que a II Conferencia Internacional das Mulleres Socialistas, celebrada en Copenhague o 26 e 27 de agosto do ano 1910, aprobase a Celebración do Día Internacional da Muller, data que se consolidou posteriormente no día 8 de marzo.

Durante estes cén anos, o 8 de marzo serviu para visibilizar as loitas e as demandas das mulleres, tanto a nivel local como internacional: A loita polo dereito ao voto e ao espazo público; as loitas interminables pola mellora das condicións laborais e os servizos públicos; as loitas polo dereito a decidir sobre os nosos corpos, a nosa sexualidade e as novas vidas; a loita contra a violencia; a loita contra as guerras e por unha paz sen opresión, etc.

Loitas pacíficas que significaron importantes avances na vida de millóns de mulleres. Loitas que foron acompañadas de análises, reflexións, debates, postas en común, e que nos serviron para conceptualizar o dominio masculino, para identificar o sexismo, para investigar na historia o recorrente esquecemento das mulleres; para visibilizarnos, valorarnos e recoñecernos.

Cen anos creando novas formas de pensamento e acción, propoñendo e construíndo un novo modelo de relacións sociais.

Hoxe, cen anos despois da constitución do día internacional da muller, como data simbólica de recoñecemento público á loita das mulleres, seguimos tendo que reivindicar o evidente.

Moitos dos dereitos que se proclaman e subsciben polos gobernos nos tratados internacionais, seguen sen poder ser exercidos por millóns de mulleres.

O dereito á educación, á saúde e á protección social seguen sendo soños en moitas partes do mundo, e naqueles que teñen ou temos conseguido unha mellor situación, pretenden recortalos e, coma sempre, as mulleres seguimos sendo as más prexudicadas cando se recortan dereitos: Pola situación de subordinación que seguimos sufrindo a nivel social; pola dicotomía e a asignación de roles masculinos e femininos no espazo público e privado; por un sistema que só considera como económicas as actividades realizadas na esfera mercantil; pola división sexual do traballo, que segue mantendo a produtivididade nas empresas a costa de marxinhar e invisibilizar os traballos de coidado e domésticos, dos que se segue responsabilizando ás mulleres.

A última crise do sistema capitalista –na que ainda estamos- non serviu para cuestionar un modelo profundamente inxusto e que provoca desigualdade, senón máis ben para o contrario. Todas as medidas para saír da crise buscan socializar as perdidas para asegurar a supervivencia dun sistema baseado na privatización de sectores estratégicos da economía, dos servizos públicos, dos recursos naturais e enerxéticos, da mercantilización da vida e da explotación do traballo e da natureza, da transferencia de recursos da periferia para o centro, e das persoas traballadoras para as mais poderosas.

Todo serve para recortar os gastos sociais, privatizar os bens comúns e os servizos públicos, xustificar despidos, abaratar salarios, precarizar ainda máis as condicións laborais, recortar as prestacións sociais e o sistema de pensións... todo, para garantir os beneficios dos bancos, dos grupos financeiros e das multinacionais.

Neste 8 de marzo do ano 2010, as mulleres da Marcha Mundial das Mulleres dos cinco continentes, facemos un chamamento a "marchar" para demostrar a nosa perseveranza e a nosa forza como mulleres colectivamente organizadas, con distintas experiencias, culturas políticas e orixes étnicas, pero que teñen unha identidade e un obxectivo común: o desejo de superar a inxusta orde actual que provoca violencia e pobreza, e constituir o mundo que queremos baseado na paz, a xustiza, a liberdade, a igualdade e a solidariedade.

**VIVA O 8 DE MARZO!- VIVA A LOITA FEMINISTA!
MULLERES EN MARCHA ATÉ QUE TODAS SEXAMOS LIBRES!**

Marcha Mundial das Mulleres



8 DE MARÇO

DIA INTERNACIONAL DAS MULHERES

CEM ANOS LUITANDO, CEM ANOS CRIANDO



Marcha Mundial das Mulheres

8 de Março, Dia Internacional das Mulheres

100 anos luitando, 100 anos criando

Há já cem anos que Clara Zetkina conseguiu que a II Conferência Internacional das Mulheres Socialistas, celebrada em Copenhaga o 26 e 27 de Agosto do ano 1910, aprovasse a Celebraçom do Dia Internacional da Mulher, data que se consolidou posteriormente no dia 8 de Março.

Durante estes cem anos, o 8 de Março serviu para visibilizar as lutas e as demandas das mulheres, tanto a nível local como internacional: A luta polo direito ao voto e ao espaço público; as lutas intermináveis pola melhora das condicôns laborais e os serviços públicos; as lutas polo direito a decidirmos sobre os nossos corpos, a nossa sexualidade e as novas vidas; a luta contra a violênciam; a luta contra as guerras e por umha paz sem opressom, etc.

Lutas pacificas que significárom importantes avanços na vida de milhons de mulheres. Lutas que fôrôm acompanhadas de análises, reflexons, debates, postas em comum, e que nos servírom para conceptualizar o domínio masculino, para identificar o sexism, para investigar na história o recorrente esquecimento das mulheres; para visibilizar-nos, valorizar-nos e reconhecer-nos.

Cem anos criando novas formas de pensamento e acçom, propondo e construindo um novo modelo de relações sociais.

Hoje, cem anos apôs a constituiçom do dia internacional da mulher, como data simbólica de reconhecimento público á luta das mulheres, seguimos a ter que reivindicar o evidente.

Muitos dos direitos que se proclaimam e subscrevem os governos nos tratados internacionais seguem sem poder serem exercidos por milhons de mulheres.

O direito à educaçom, à saúde e à proteçom social seguem a ser sonhos em muitas partes do mundo, e naqueles que tenhem ou temos conseguido umha melhor situaçom, pretendem recurtá-los e, como sempre, as mulheres seguimos a ser as mais prejudicadas quando se recurtam direitos: pola situaçom de subordinaçom que seguimos a sofrer a nível social; pola dicotomia e a assignaçom de roles masculinos e femininos no espaço público e privado; por um sistema que só considera como económicas as actividades realizadas na esfera mercantil; pola divisom sexual do trabalho, que segue a manter a produtivididade nas empresas a custo de marginalizar e invisibilizar os trabalhos de cuidado e domésticos, dos que se segue a responsabilizar as mulheres.

A última crise do sistema capitalista –na que ainda estamos- nom serviu para questionar um modelo profundamente injusto e que provoca desigualdade, senóm mais bem para o contrário. Todas as medidas para saír da crise procuram socializar as perdas para assegurar a sobrevivênciam de um sistema baseado na privatizaçom de sectores estratégicos da economia, dos serviços públicos, dos recursos naturais e energéticos, da mercantilizaçom da vida e da exploraçom do trabalho e da natureza, da transferênciam de recursos da periferia para o centro, e das pessoas trabalhadoras para as mais poderosas.

Tudo serve para recurtar as despesas sociais, privatizar os bens comuns e os serviços públicos, justificar despedimentos, abaratar salários, precarizar ainda mais as condicôns laborais, recurtar as prestaçons sociais e o sistema de pensons... tudo, para garantir os benefícios dos bancos, dos grupos financeiros e das multinacionais.

Neste 8 de Março do ano 2010, as mulheres da "Marcha Mundial das Mulheres" dos cinco continentes fazemos um chamamento a "marchar" para demonstrar a nossa perseverança e a nossa força como mulheres colectivamente organizadas, com distintas experiências, culturas políticas e origens étnicas, mas que tenhem umha identidade e um objectivo comum: o desejo de superar a injusta ordem actual que provoca violênciam e pobreza, e constituír o mundo que queremos baseado na paz, a justiça, a liberdade, a igualdade e a solidariedade.



VIVA O 8 DE MARÇO!- VIVA A LUTA FEMINISTA!
MULHERES EM MARCHA ATÉ QUE TODAS SEJAMOS LIVRES!

Marcha Mundial das Mulheres